

EPVAV 4º ESO

Carga horaria: 3h. Departamento: Debuxo

Preténdese que o alumnado desenvolva capacidades que lles permitan unha **formación básica** dentro do campo da expresión plástica, visual e audiovisual e en todo o seu abano de posibilidades cara a futuras **saídas profesionais** (ciclos medios e superiores relacionados coa tecnoloxía, estudos universitarios de enxeñerías e arquitectura, publicidade, cómic, televisión, cine, fotografía, deseño, debuxo, pintura, escultura, multimedia).

1. Elixe esta materia se queres saber como:

- Usar con destreza un **lápiz**.
- Facer deseños asistidos por computadora mediante o **LibreCAD**. (1)
- Debuxar e analizar a **figura humana e** facer uso da **perspectiva** nos teus deseños.
- Empregar o GIMP para **manipular fotografías** e crear **GIFs animados**. (1)
- Coñecer o programa de edición audiovisual **Kdenlive** e empregalo para editar unha pequena curtametraxe feita en grupo. (1)
- ...

2. Bloques de contido

- Deseño asistido por computadora.
- Perspectiva.
- Proporción.
- Luz.
- Cor
- Aplicacións da tecnoloxía dixital para a creación e análise audiovisual.

3. Que e como se avalía?

Esta materia ten un **carácter práctico**. Desenvolveremos traballos e proxectos que determinarán a cualificación por trimestre e, finalmente, a de curso.

4. Comentario:

(1) Deberase contar na casa cunha computadora na que instalar os programas LibreCAD, GIMP e Kdenlive pois haberá contidos que se subirán a Aula Virtual para practicar na casa e así poder adquirir coñecementos básicos para desenvolver os proxectos.

[Máis información premendo nesta ligazón](#)